

O CLUBE / ESTATUTOS

CAPÍTULO I. Da Asociación en xeral.

Artigo 1. Co nome de Club Cultural Valle-Inclán constituíuse o 16 de febreiro de 1966 unha asociación con plena capacidade xurídica e de obrar, e sen ánimo de lucro. A Asociación rexeráse polos presentes Estatutos, ó abeiro da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo e normas complementarias, e a súa denominación será Clube Cultural Valle-Inclán.

Artigo 2. Esta Asociación constituíuse por tempo indefinido.

Artigo 3. Son fins principais da Asociación:

- Defender e potenciar a cultura galega en todos os seus aspectos
- Promocionar e apoiar o idioma galego como parte substancial da cultura galega
- Promover e sensibilizar entre a sociedade o papel do cine como vehículo da libre expresión das culturas
- Promover a relación e o intercambio social e cultural entre os asociados, así como a comunicación e colaboración con outras entidades de fins similares
- Desenvolver todo tipo de actividades dirixidas a cubrir as demandas e necesidades culturais dos asociados, por si soa ou en colaboración con outros colectivos de similares fins
- Demandar das autoridades a cooperación para unha maior promoción da cultura en todos os ámbitos.
- Cultivar o coñecemento e o aprezo polo medio ambiente e o patrimonio natural
- Fomentar o interese pola cultura entre a mocidade, abrindo canles que faciliten e estimulen a súa participación no deseño e realización creativa de actividades axeitadas ás súas preferencias.
- Propiciar o debate e a participación cidadá sobre temas de interese xeral ou particular.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

- Creación e dinamización de espazos e ámbitos de encontro social
- Organización de actividades de carácter social e cultural, como xuntanzas, encontros, paseos e viaxes formativos, etc.
- Organización de cursos, seminarios, conferencias, exposicións e actos análogos
- Elaboración e edición de materiais informativos ou calquera outro tipo de publicación para a difusión do ideario e dos fins da asociación
- Deseño e execución de cantas accións ou actividades sexan precisas para conseguir a participación dos asociados así como doutros integrantes da comunidade social
- Fomento das relacións de colaboración con institucións públicas, empresas privadas, persoas e, especialmente, con outras entidades non lucrativas que permitan un mellor cumprimento dos fins fundacionais
- Calquera outra actividade que a Xunta Directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 5. O domicilio social da Asociación radicará na cidade de Lugo (rúa Nóreas, nº 15, piso 2º, dpto. 22, C.P.-27001).

Artigo 6. En función dos seus fins e da situación do seu domicilio social, a Asociación exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO II. Dos Asociados

Artigo 7. Poderán ser integrantes da Asociación todas as persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar e, no segundo caso, tras o acordo do órgano competente, que reúnan os seguintes requisitos e sexan admitidos na forma que se determina nos presentes Estatutos:

- Ter interese no desenvolvemento dos fins principais da Asociación
- Formalizar a integración na Asociación por medio da solicitude de incorporación, que se fará por calquera medio do que quede constancia no seo daquela
- Comprometerse, moralmente e na medida de cadansúas posibilidades, a desenvolver os fins e a participar nas actividades da Asociación.

Artigo 8. A condición de asociado pérdese por causa de:

- Petición voluntaria de baixa, comunicada á Xunta Directiva por calquera medio do que quede constancia, e previo aboamento das cotas que teña pendentes
- Impagamento das cotas por tempo superior a un ano
- Realización de accións ou omisións que prexudiquen gravemente os intereses e o funcionamento da Asociación, o que motivará a incoación de expediente informativo e disciplinario

Artigo 9. No supostos b) e c) do artigo 8, a expulsión do asociado será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia das alegacións ou xustificacións do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra del poderase recorrer diante da xurisdicción ordinaria.

Artigo 10. A separación temporal dun asociado pódese producir:

- Por petición persoal e por escrito do asociado
- Por acordo da Xunta Directiva, a causa de ter aberto un expediente sancionador, ou polo impagamento de cotas, ou por comportamentos que afecten ó bo funcionamento ou ó cumprimento dalgúns dos fins da Asociación.

Artigo 11. A Asociación pode ter as seguintes clases de asociados:

- Socios de número, que serán os que ingresen polo medio establecido no artigo 7
 - Socios de honra, entre as persoas físicas ou xurídicas que, a proposta da Xunta Directiva e por acordo da Asemblea Xeral, destaquen polo seu apoio, colaboración e contribución ao cumprimento dos fins e o desenvolvemento das actividades da Asociación
- A Asociación poderá establecer, mediante acordo da Asemblea Xeral, a figura doutros tipos de socios colaboradores, como infantís e xuvenís (menores de 18 anos co consentemento paterno) e/ou simpatizantes



Artigo 12. Son dereitos dos socios de número:

- a) Participar en calquera actividade que a Asociación organice en cumprimento dos seus fins, e beneficiarse das vantaxes que aquela poida proporcionar
- b) Participar nas Asembleas con voz e voto, así como ser elector e/ou elixible para os cargos directivos nas condicións sinaladas nos presentes Estatutos
- c) Recibir información sobre os acordos tomados polos órganos da Asociación, así como sobre a planificación de actividades e a execución do orzamento
- d) Suxerir ou propoñer ós membros da Xunta Directiva calquera iniciativa destinada a mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.
- e) Recabar información e asesoramento nos temas relacionados cos fins e as actividades da Asociación, así como posuír un exemplar dos Estatutos.
- f) Aqueles outros dereitos contemplados na normativa legal vixente.

Artigo 13. Son deberes dos socios de número:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e da Xunta Directiva
- b) Prestar a súa participación e colaboración nas actividades segundo determinen os presentes Estatutos e os acordos das Asembleas xerais
- c) Asistir ás Asembleas xerais e, se é o caso, ás xuntanzas convocadas pola Xunta Directiva
- d) Cumprir e desenvolver as obrigas inherentes ao cargo directivo que se ocupe, se é o caso
- e) Satisfacer as cotas ordinarias ou, se as houber, de entrada ou por derrama, establecidas pola Asemblea
- f) Aqueles outros deberes contemplados na normativa legal vixente.

Artigo 14. Os socios de honra e os doutro tipo que se poidan crear conforme se sinala nestes Estatutos, terán as obrigas que a Asemblea Xeral determine para cada caso, poidendo disfrutar da exención ou redución das cotas que se establezan.

CAPÍTULO III. Do funcionamento asociativo

RÉXIME XERAL

Artigo 15. A Asociación rexerese segundo os presentes Estatutos, sempre que non se opoñan á normativa vixente nin contradigan os principios contidos na Lei Orgánica 1/2002 e o seu desenvolvemento regulamentario. Un Regulamento de Réxime Interno poderá desenvolver os presentes Estatutos.

Artigo 16. O goberno e a representación da Asociación están a cargo dos seguintes órganos:

- a) A Asemblea Xeral, como máximo órgano Colexiado de goberno e de plena soberanía da Asociación
 - b) A Xunta Directiva, como órgano Colexiado en quen a Asemblea delega o goberno e a administración permanente da Asociación
 - c) O Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro-contador e o Arqueiveiro-bibliotecario e os Vocais, como órganos unipersonais e con funcións de representación, goberno e administración determinadas polos presentes Estatutos.
- ASEMBLEA XERAL

Artigo 17. A Asemblea Xeral, como órgano máximo de expresión da vontade da Asociación, estará integrada por todos os asociados de número e tomará os seus acordos polo principio maioritario e de democracia interna. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos cós da Xunta Directiva, e se é o caso, serán substituídos polo Vicepresidente e o Vicesecretario respectivamente.

Artigo 18. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, o considere o Presidente, ou o solicite o 10 % dos socios en plenitude dos seus dereitos. Neste caso, a solicitude farase por escrito dirixido ao Presidente, autorizado coas sinaturas dos socios solicitantes e no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19. A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos tres meses seguintes ó peche do exercicio. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas polo Presidente con 15 días de antelación, enviándose notificación ós asociados polo medio máis oportuno sempre que estes teñan constancia da convocatoria. Na convocatoria constarán o lugar, data e hora da xuntanza, así como a orde do día con expresión concreta dos temas a tratar e os anexos que procedan. Sinalarase a hora da segunda convocatoria que, como mínimo, será trinta minutos máis tarde cá primeira.

Artigo 20. Para que a Asemblea, integrada polos asociados asistentes, poida tomar acordos, deberá concorrer a ela un tercio do total dos asociados con dereito a voto na primeira convocatoria ou, pasado o prazo estipulado no artigo anterior para a segunda convocatoria, coa concorrencia de calquera número de asociados con dereito a voto.

Artigo 21. Os socios poderán outorgar a súa representación, ós efectos de exercer o voto nas Asembleas Xerais, en calquera outro socio, representación que se fará por escrito e deberá obrar en poder do Secretario da Asemblea polo menos trinta minutos antes de celebrarse esta.

Artigo 22. Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar o programa de actuación proposto pola Xunta Directiva, así como examinar e aprobar a Memoria de xestión correspondente
- b) Aprobar o orzamento proposto pola Xunta Directiva, así como examinar e aprobar os balances e as contas anuais do exercicio anterior
- c) Fixar as cotas ordinarias, reducidas e/ou extraordinarias
- d) Aprobar o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.
- e) Aquelas outras que resulten dos presentes Estatutos e non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 23. Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Elixir os compoñentes da Xunta Directiva
- b) O nomeamento de socios de honra
- c) A modificación dos Estatutos
- d) A aprobación da integración e/ou federación con outras asociacións
- e) A expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva
- f) A disolución da Asociación e designación dos liquidadores
- g) A autorización do alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais
- h) A solicitude de declaración de Asociación de Utilidade Pública.

Artigo 24. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos, sen seren computables a este respecto os votos en branco nin as abstencións. Para os apartados comprendidos entre o c) e o h) do artigo 23, será preciso maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen a metade daquelas.

Os acordos trasladaranse ó libro de Actas, que asinará o Presidente e o Secretario da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión que celebre a Asemblea Xeral e aprobada, se procede, por maioría simple.

Artigo 25. Os acordos que vaian en contra dos Estatutos ou dos fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará aberta a vía para recorrer diante da xurisdición ordinaria.

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 26. A Asociación estará representada e será xestionada por unha Xunta Directiva formada polos seguintes cargos: Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario, Tesoureiro-Contador, Arquivoiro-Bibliotecario e tres Vocais.

As persoas que compoñan a Xunta Directiva deberán ser socios cunha antigüidade dun ano, maiores de idade e exercer o cargo de forma gratuita. Os cargos serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de catro anos, podendo ser reelixidos ó final do seu mandato. En todo caso, a renovación de cargos farase por metades, correspondendo a primeira renovación ao Vicepresidente, Secretario e dous Vocais.

Artigo 27. Os cargos directivos citados no artigo anterior poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato. Neste último caso, os asociados continuarán nos seus cargos ata que se produza a aceptación de quen os substitúan.

Artigo 28. As vacantes que se produzan nos cargos da Xunta Directiva cubriranse provisionalmente por designación desta entre os seus compoñentes ata que a Asemblea Xeral elixa os novos membros ou confirme os designados.

Artigo 29. A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao bimestre e con carácter extraordinario tantas veces o determine o Presidente ou a petición de tres dos seus membros. A convocatoria realizarase como mínimo con tres días de antelación mediante notificación persoal e con indicación dos temas a tratar. A ausencia inustificada ás reunións formalmente convocadas, por parte de calquera membro da Xunta Directiva, por tres veces consecutivas ou cinco alternas, dará lugar á súa destitución.

A Xunta Directiva quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría simple. No caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

Artigo 30. As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios dos fins da Asociación, sempre que non requiran autorización expresa da Asemblea Xeral segundo o establecido nestes Estatutos. En particular son facultades da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos actos, contratos e pagos
- b) Convocar as Asembleas Xerais e executar o acordado nelas
- c) Elaborar e propoñer para a súa aprobación pola Asemblea Xeral, o Programa de actuación anual, así como a Memoria de xestión correspondente
- d) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento do exercicio corrente, así como os balances e as contas anuais do exercicio pechado
- e) Resolver sobre a admisión de novos asociados ou sobre a petición de baixa voluntaria de socios
- f) Crear Comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinadas actividades ou recabar delas informacións que se estímen necesarias. Ó cargo destas Comisións designarase un membro da Xunta Directiva
- g) Nomear delegados ou representantes para determinadas actividades da Asociación
- h) Velar polo cumprimento dos Estatutos e interpretalos conforme á normativa vixente, así como do Regulamento de Réxime Interno, podendo así mesmo dictar normas de funcionamento non contempladas neste Regulamento ou por non existir este.
- i) Calquera outra facultade que non sexa competencia da Asemblea Xeral.

ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 31. O Presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a dirección da Asociación velando polo cumprimento dos seus fins e Estatutos
- b) Representar legalmente á Asociación diante de toda clase de organismos públicos ou privados
- c) Convocar, presidir e levantar as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións que nelas se produzan
- d) Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas, certificacións e correspondencia
- e) Adoptar calquera medida urxente que fose necesaria e conveniente para o bo funcionamento da Asociación e o desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 32. O Vicepresidente asumirá as funcións que nel delegue o Presidente, substituíndoo en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 33. O Secretario terá as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a dirección dos traballos administrativos da Asociación.
- b) Custodiar e levar os libros de actas e o rexistro de socios, así coma os documentos e selos da Asociación
- c) Estender as convocatorias e as actas das reunións ademais de expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente
- d) Comunicar ós Rexistros correspondentes a designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles, así coma a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 34. O Vicesecretario substituirá ó Secretario en caso de ausencia, enfermidade ou por delegación, asistíndoo nas tarefas a el encomendadas.

Artigo 35. O Tesoureiro-contador terá as seguintes atribucións:

- a) Ostentar a dirección dos traballos de xestión económica da Asociación
- b) Custodiar e levar os libros de contabilidade e os inventarios, así como todos os documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances
- c) Preparar tecnicamente os orzamentos, as contas anuais e os balances para a súa presentación diante da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral
- d) Organizar o cobro das cotas, asinar os recibos destas, recadar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación
- e) Dar cumprimento ás ordes de pago autorizadas polas sinaturas que corresponda.

Artigo 36. O Arquivoiro-bibliotecario terá as seguintes funcións:

- a) Custodiar os documentos, publicacións e os bens de carácter histórico e cultural que garde a Asociación
- b) Levar un rexistro-inventario dos documentos, publicacións e bens citados no apartado anterior e que pertencen á Asociación

c) Recompilar publicacións propias ou alleas, e arquivar o que se publique en libros, folletos, xornais ou revistas en relación coa presenza pública e as actividades da Asociación.

Artigo 37. Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así coma as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 38. A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, e se obtiver posibles beneficios económicos como consecuencia das súas actividades, incluídas a prestación de servizos, aqueles deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 39. O Patrimonio inicial da Asociación cuantifícase en 330 euros e o seu fondo social limitase ao sinalado nos estados de contas sometidos á aprobación anual e ós bens materiais inventariados como propiedade da Asociación.

Artigo 40. O exercicio económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

Artigo 41. O orzamento da Asociación será anual, e terá que ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria de inicio do exercicio. Así mesmo, a liquidación do orzamento terá que ser presentada na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ao remate do exercicio.

Artigo 42. Anualmente e con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e balance de situación, que se formalizará nunha memoria e será posta a disposición dos socios durante un prazo non inferior a quince días antes do sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 43. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas ordinarias dos asociados, que en ningún caso serán reintegrables
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea
- e) As doazóns ou subvencións que se poidan recibir de organismos públicos, entidades privadas ou particulares, así como calquera tipo de legado ou manda legal
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación
- e) As achegas voluntarias, que se considerarán como préstamos sen xuros, reintegrables nos termos que se pacten entre as partes
- d) Calquera outro recurso de procedencia lícita.

Artigo 44. Para a disposición dos fondos que a Asociación teña depositados en entidades financeiras, deberán ter recoñecidas as firmas, cando menos: o Presidente e o Tesoureiro-contador, para o súa utilización conxunta.

Artigo 45. Para a disposición dos bens patrimoniais que se aproben regulamentariamente, será precisa a súa aprobación pola Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV. Da modificación de Estatutos e da disolución

Artigo 46. Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou dunha cuarta parte dos asociados. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria terá a modificación dos Estatutos como único punto da orde do día e estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 10 días para que calquera socio poida dirixir á Xunta Directiva as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación daquela Asemblea e poñéranse a disposición dos socios cunha antelación mínima de tres días á súa celebración. A aprobación da modificación dos Estatutos acordarase pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.

Artigo 47. A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Pola vontade dos asociados acordada pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas. En todo caso, a Asociación non se disolverá mentres haxa 20 socios que manifesten o seu compromiso para mantela
- b) Por outras causas determinadas legalmente
- c) Por sentenza xudicial

Artigo 48. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará dous socios liquidadores que, xunto co Presidente e o Tesoureiro-contador, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante. Este haber, unha vez efectuada a liquidación será doado a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita na Comunidade Autónoma de Galicia e que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación. O xustificante da doazón será presentado no correspondente Rexistro para proceder a anotación da disolución da Asociación. O arquivo e a biblioteca da Asociación doaranse ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo mediante os trámites que proceda.

Lugo, 29 de novembro de 2004.